



Guía Docente				
Datos Identificativos			2018/19	
Asignatura (*)	Tesis master		Código	670471209
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Plan 2017)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	10
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e AeronáuticasDereito PrivadoEconomíaEducación Física e DeportivaEmpresaEnxeñaría Civil			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Alvarez Diaz, Jose Antonio Guillen Solorzano, Eduardo Martinez Carballo, Manuel Nieto Uria Ribeiro De Almeida, Arturo J.		Correo electrónico	jose.antonio.alvarezd@udc.es eduardo.guillen@udc.es manuel.martinez.carballo@udc.es a.nietouria@udc.es
Web	www.mdip.es			
Descrición xeral	1. O TFM supón a realización, por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, memoria ou estudo concreto, é un traballo de especialización, que integra os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado, centrado no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico. 2. O TFM facilitará o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados na teoría a problemas reais. Excepcionalmente poderá ser un traballo de investigación sobre algún dos temas fundamentais na Dirección Integrada de Proxectos, neste caso requirirase a presentación con carácter previo, de unha memoria de investigación razoada e que inclua referencias à bibliografía existente sobre o tema concreto proposto. A devandita memoria deberá estar avalada por un director, docente do Master. 3. O TFM será realizado de forma individual baixo a supervisión dun ou máis directores. 4. O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumnado ten superado todos os créditos necesarios agás os correspondentes aos propios do TFM para a obtención do título de Máster 5. O TFM será defendido polo alumnado ante o Tribunal designado pola Comisión Académica do Máster, de forma publica e presencialmente. 6. A primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFM realizarase nos meses de maio/xuño/xullo. A segunda oportunidade realizarase nos meses de xullo/setembro. 7. A carga do TFM defínese no plano de estudos do Máster. A Guía Docente especificará, alomenos, a planificación e a metodoloxía de traballo, o contido mínimo do traballo, o/s formato/s da documentación a presentar para a defensa do TFM (exemplar en versión escrita, exemplar en versión electrónica, número de copias, etc), as condicións de defensa do TFM (tempo máximo de exposición, medios a utilizar, material de soporte, etc), e os criterios de avaliación. Ver Regulamento Trabaios Fin de MASTER: http://mdip.es/documentos/16-reglamento-trabajo-de-fin-de-master			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Saber actuar como representantes do promotor do proxecto en tódolos ámbitos de actuación do Director de Proxecto ou Project Manager.
A2	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Edificación e Desenvolvemento Territorial na especialidade de Edificación e Desenvolvemento Territorial
A3	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Lecer e Deporte na especialidade de Lecer e deporte
A4	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Sistemas de Información na especialidade de Sistemas de Información
A8	Capacidade de organización e planificación as diferentes fases dun proxecto.



A19	Capacidade para a redacción do proxecto así como para a súa comunicación de forma convincente, clara, concisa e sen ambigüedades
A20	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos ao campo profesional no que desenvolve a súa actividade o Project Manager.
B1	Capacidade de análise e de síntese.
B2	Capacidade de Organización e Planificación
B4	Capacidade de procura, análise e selección de información relevante.
B5	Capacidade de utilización e xestión da información
B6	Capacidade para actuar con velocidade e sentido de urxencia para concretar resultados con altos niveis de calidade e rendemento a fin de atender as necesidades do cliente.
B7	Capacidade de enfocar os esforzos en xerar valor para o cliente, buscando a súa satisfacción e a súa fidelización.
B8	Capacidade de comunicación e motivación
B9	Capacidade para a resolución de problemas
B10	Capacidade para a toma de decisións
B11	Capacidade para traballar nun equipo de carácter interdisciplinar
B12	Capacidade para traballar nun contexto internacional
B13	Capacidade de liderado, diálogo e negociación
B14	Desenvolver o compromiso e motivación para o aseguramiento da calidade na dirección de proxectos.
B15	Asumir a importancia fundamental da seguridade laboral, accesibilidade, sustentabilidade e medioambiente na planificación, dirección e xestión de proxectos.
B16	CB10 Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1. O TFM supón a realización, por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, memoria ou estudo concreto, é un traballo de especialización, que integra os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado, centrado no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico. 2. O TFM facilitará o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados na teoría a problemas reais. Excepcionalmente poderá ser un traballo de investigación sobre algún dos temas fundamentais na Dirección Integrada de Proxectos, neste caso requirirase a presentación con carácter previo, de unha memoria de investigación razoada e que inclua referencias à bibliografía existente sobre o tema concreto proposto. A devandita memoria deberá estar avalada por un director, docente do Master. 3. O TFM será realizado de forma individual baixo a supervisión dun ou máis directores. 4. O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumnado ten superado todos os créditos necesarios agás os correspondentes aos propios do TFM para a obtención do título de Máster 5. O TFM será defendido polo alumnado ante o Tribunal designado pola Comisión Académica do Máster, de forma publica e presencialmente.	AP1	BP1	CP1
	AP2	BP2	CP3
	AP3	BP4	CP4
	AP4	BP5	CP5
	AP8	BP6	CP6
	AP19	BP7	CP7
	AP20	BP8	CP8
		BP9	
		BP10	
		BP11	
		BP12	
		BP13	
		BP14	
		BP15	
		BP16	



Contidos	
Temas	Subtemas
3. ASIGNACIÓN DE TEMA E DIRECTOR 1. O Coordinador do Master solicitará aos profesores propostas de liñas de traballo para o TFM. O número total de traballos será igual ou superior ao número de alumnos matriculados. 2. Alternativamente, o alumno pode propor un tema que resulte de interese ao director que desexa que lle oriente. 3. A elección do director e do tema deberá producirse cando menos tres meses antes da finalización do prazo de presentación do TFM. 4. Unha vez elixido o tema o alumno cubrirá un documento ao efecto que presentará na Secretaría do Centro dirixido ao Coordinador do Máster, solicitando a autorización do proxecto do TFM, que incluíra o informe do proxecto e a conformidade do director.	3. ASIGNACIÓN DE TEMA E DIRECTOR 1. O Coordinador do Master solicitará aos profesores propostas de liñas de traballo para o TFM. O número total de traballos será igual ou superior ao número de alumnos matriculados. 2. Alternativamente, o alumno pode propor un tema que resulte de interese ao director que desexa que lle oriente. 3. A elección do director e do tema deberá producirse cando menos tres meses antes da finalización do prazo de presentación do TFM. 4. Unha vez elixido o tema o alumno cubrirá un documento ao efecto que presentará na Secretaría do Centro dirixido ao Coordinador do Máster, solicitando a autorización do proxecto do TFM, que incluíra o informe do proxecto e a conformidade do director.
9. ESTRUCTURA DO TRABALLO. 1. O TFM deberá constar das seguintes partes: a) Portada. b) Índice Paxinado. c) Resumo. d) Contextualización e Xustificación. e) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto. f) Reflexións e Conclusións Finais. g) Bibliografía. h) Anexos, no seu caso. i) No caso de Proxectos de investigación, deberá incluír, en vez do Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto os seguintes apartados: j) Revisión do Estado da Arte, k) Desenrolo del Modelo/hipóteses, l) Contraste de Modelo/Hipóteses	2. Cada unha das partes mencionadas deberá recoller a seguinte información: a) Portada. Será de deseño libre, pero incluíra: escudo e nome da Universidade; nome da Facultade; nome do Máster; título do TFM en Galego, Castelán e Inglés e nomes do autor e do director; ano de presentación. b) Resumo: recolle un breve resumo do contido do traballo. (recomendase a realización do resumo tamén en inglés) c) Xustificación e Contextualización: recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo. d) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto: Aplicación e integración adecuada dos 5 grupos de procesos da dirección de proxectos e manexo das interdependencias entre as áreas de coñecemento da dirección de proxectos. O plan para a dirección do proxecto debe integrar e consolidar todos os plans de xestión subsidiarios: alcance do proxecto, requisitos, cronograma, custos, calidade, melloras do proceso, recursos humanos, comunicacións, riscos, e adquisicións. e) Bibliografía: Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas, de acordo con a norma de estilo APA. f) Anexos: o apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo pode incluír táboas, gráficos, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s etc. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo. 3. O proxecto, que deberá realizarse en lingua galega ou castelán, non superará as 100 páxinas a espazo 1, tipo de letra calibri ou arial, tamaño de letra 11, e parágrafos xustificadas. A maiores, tamén poderá ser presentada unha copia en outro idioma da U.E.



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A8 A19 A20 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	5	240	245
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ver Regulamento TFM: http://mdip.es/documentos/16-reglamento-trabajo-de-fin-de-master

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O TFM será dirixido alomenos por un membro do profesorado con docencia no plan de estudos do Máster, preferentemente Doutor. Tal profesor/a será responsable de: 1. Facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas para elaboración do TFM. Isto non implica que o director do proxecto resolva os problemas, xa que se está a examinar a capacidade do alumnado para facerlles fronte. 2. Antes da presentación para ser avaliada, o director supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. Dará a súa opinión sobre cada estudante e o traballo realizado cubrindo o formulario na Secretaría Virtual dando a conformidade para que se poida presentar ante a Comisión de defensa do TFM. 3. O director dun TFM non poderá ser membro do Tribunal que o cualifique. 4. O TFM poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, deberá xustificarse obxectivamente este feito e deberá ser aprobado pola Comisión académica, e cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado que imparte docencia no plan de estudos do Título de Mestrado. 5. Se no marco dun convenio de prácticas o estudante ten que desenvolver parte do TFM ou a súa totalidade noutro organismo distinto as Universidades de Vigo e da Coruña, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFM, debendo sempre ser aprobado este feito pola Comisión académica. 6. No caso de que o TFM se inclúa nun contrato dun programa de mobilidade, asignarase como director do traballo o coordinador de mobilidade do centro que, utilizando o mesmo procedemento que os demais directores na Secretaría Virtual, emitirá un informe favorable á defensa cando teña coñecemento oficial da superación da proba por parte do estudante, deixando constancia de que se trata dun TFM dun programa de mobilidade. Deste xeito poderase continuar co procedemento establecido con carácter xeral: solicitude de defensa (que neste caso se entende como solicitude de incorporación da cualificación ao expediente) por parte do estudante, asignación de tribunal por parte do centro, cualificación do traballo e acta individual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A8 A19 A20 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1. O TFM deberá constar das seguintes partes: a) Portada. b) Índice Paxinado. c) Resumo. d) Contextualización e Xustificación. e) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto. f) Reflexións e Conclusións Finais. g) Bibliografía. h) Anexos, no seu caso. i) No caso de Proxectos de investigación, deberá incluír, en vez do Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto os seguintes apartados: j) Revisión do Estado da Arte, k) Desenrolo del Modelo/hipóteses, l) Contraste de Modelo/Hipóteses 2. Cada unha das partes mencionadas deberá recoller a seguinte información: a) Portada. Será de deseño libre, pero incluírá: escudo e nome da Universidade; nome da Facultade; nome do Máster; título do TFM en Galego, Castelán e Inglés e nomes do autor e do director; ano de presentación. b) Resumo: recolle un breve resumo do contido do traballo. (recomendase a realización do resumo tamén en inglés) c) Xustificación e Contextualización: recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo. d) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto: Aplicación e integración adecuada dos 5 grupos de procesos da dirección de proxectos e manexo das interdependencias entre as áreas de coñecemento da dirección de proxectos. O plan para a dirección do proxecto debe integrar e consolidar todos os plans de xestión subsidiarios: alcance do proxecto, requisitos, cronograma, custos, calidade, melloras do proceso, recursos humanos, comunicacións, riscos, e adquisicións. e) Bibliografía: Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas, de acordo con a norma de estilo APA. f) Anexos: o apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo pode incluír táboas, gráficos, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s etc. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo. 3. O proxecto, que deberá realizarse en lingua galega ou castelá, non superará as 100 páxinas a espazo 1, tipo de letra calibri ou arial, tamaño de letra 11, e parrafos xustificadas. A maiores, tamén poderá ser presentada unha copia en outro idioma da U.E.	100
---------------------	--	---	-----



1. AVALIACIÓN E ACTAS.

Para a avaliación do TFM o tribunal valorará: a) A adaptación do traballo á tipoloxía xeral dun proxecto: inicio, planificación, execución, seguimento, control e peche do proxecto.

b) A existencia dun produto/resultado, aplicabilidade e funcionalidade e calquera outra característica que permita establecer as capacidades do alumno no ámbito profesional relacionado coa temática do Máster.

c) A calidade científica do traballo, valorada tanto polos resultados alcanzados, difusión e/ou as posibilidades de continuidade do traballo.

d) A defensa pública do TFM e a calidade formal do documento presentado.

A cualificación outorgarase nunha escala numérica de 0 a 10 seguindo as pautas recollidas no anexo I, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa: a) 0 - 4,9: Suspenso (SS)

b) 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)

c) 7,0 - 8,9: Notable (NT)

d) 9,0-10: Sobresaliente (SB)

Se o resultado da cualificación fose suspenso, O Tribunal fará chegar ao alumno e o director as recomendacións que considere oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. O Tribunal encherá e asinará a correspondente Acta de Cualificación provisional que se fará pública una vez rematado o acto da defensa. O orixinal da acta entregarase na Administración académica do centro. A acta de cualificación definitiva é individual para cada traballo. Ademais da cualificación do estudante, constará o título do TFM, o idioma en que está redactado o traballo e o idioma empregado na súa defensa. A acta será cumprimentada na Secretaría Virtual das Universidades responsables segundo a acta provisional por calquera membro do Tribunal e asinada dixitalmente polo secretario/a do mesmo. Igual que coas actas ordinarias, poderase enviar a nota ao móbil de cada estudante. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFM atárase ao previsto no calendario académico aprobado. O período en que os traballos poidan ser cualificados na Secretaría Virtual non será posterior ás datas de avaliación dos TFM aprobadas no calendario académico.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

REGLAMENTO TRABALLOS FIN DE MASTER: http://mdip.es/images/CURSO_2016-2017/Reglamento_tesis_Master_DIP_2016.pdf

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías